

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS Y PROFESIONALES GALLEGOS DE ESTADOS UNIDOS PARA A INSTALACIÓN DUN CRUCEIRO EN *BAY FRONT PARK*-MIAMI.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Asociación de Empresarios y Profesionales Gallegos de Estados Unidos (AEGUSA) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 15 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre as entidades asinantes para a instalación da escultura denominada "O Cruceiro Galego," un cruceiro en pedra realizado polo escultor Santiago Besada, en *Bay Front Park* de Miami , como símbolo que contribuirá a manter e reforzar os vínculos con Galicia e a poñer en valor a nosa comunidade, a súa cultura e tradicións entre a colectividade galega de Florida e o resto da poboación estadounidense.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Asociación de Empresarios y Profesionales Gallegos de los Estados Unidos (AEGUSA) é unha entidade sen ánimo de lucro, que ten entre os seus obxectivos promover as relacións comerciais e culturais e o achegamento entre a comunidade galega e americana, así como o impulso á industria e cultura galegas nos Estados Unidos de América.



AEGUSA está a desenvolver diversas iniciativas dirixidas a posibilitar que as persoas galegas que residen nos Estados Unidos manteñan e fortalezan os vínculos coa cultura de Galicia e a promoción de Galicia e do Camiño de Santiago no marco do Xacobeo 2021-2022. No contexto destas iniciativas atópase a instalación da escultura denominada "O Cruceiro Galego" no prestixioso e emblemático *Bay Front Park*, que é un parque situado no centro histórico, comercial e turístico de Miami, visitado cada ano por centos de miles de persoas de todo o mundo.

A Secretaría Xeral da Emigración procura contribuír á conservación, fomento e promoción do seu patrimonio e, neste contexto, os cruceiros son unha das obras de arquitectura popular máis características e forman parte indisoluble da identidade e imaxe de Galicia.

A Secretaría Xeral da Emigración considera que AEGUSA é a institución idónea para desenvolver esta contribución de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen que sexa posible promover a concorrencia pública.

O interese público da colaboración que se leva a cabo a través desta iniciativa radica no coñecemento e divulgación sobre a nosa comunidade, a súa cultura e tradicións e sobre o Camiño de Santiago no país norteamericano.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados no texto da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



Co obxecto de colaborar no financiamento deste convenio a Secretaría Xeral da Emigración comprométese a achegar unha contía de dezanove mil cincocentos euros (19.500€), con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.781.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.

En atención ao exposto e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

